

**Ferramentas
para obter
o máximo
potencial
do teu grupo
de traballo**

—

rexenerando - 2017

Por que facer este curso

Traballar en grupo é difícil, sobre todo nun contexto como o actual de tanta esixencia. Á sempre difícil viabilidade económica dos proxectos, é preciso engadirlle un contexto altamente competitivo e cambiante. Os equipos de traballo véñense obrigados a resolver cuestións estratéxicas sen ter o tempo nin os recursos necesarios para abordalas.

Nós ofrecemos eses recursos de maneira que o equipo poida facer fronte a estes desafíos e ofrecer solucións creativas. Ao mesmo tempo, dotamos de ferramentas para mellorar o clima colectivo, base para que o grupo saque o seu máximo potencial e poida aumentar a súa eficacia e rendibilidade.

Para que me serve?

- Sacar o máximo potencial do equipo de traballo.
- Aumentar a capacidade grupal de facer fronte aos desafíos dun contexto cambiante.
- Mellorar o clima de traballo.
- Favorecer o coñecemento do grupo e das dinámicas que se dan nel.
- Ofrecer ferramentas para a resolución de conflitos.
- Dotar de técnicas para facer emerxer a creatividade.

Que contidos vou recibir?

MÓDULO 1 (5H)

Traballando en equipo

1. Espazos grupais.
2. Reunións eficaces e toma de decisións.
3. Roles e lideranza.

MÓDULO 2 (5H)

Creatividade

1. Como crear as condicións para que a creatividade emerxa
2. Ferramentas para activar a creatividade

MÓDULO 3 (5H)

Resolución de conflitos

1. Tipos e ciclo dos conflitos
2. Como obter información sobre os conflitos
3. Formas de intervención

Canto dura?

Consta dun total de 15 horas.
Formado por 3 módulos independentes de 5 horas cada un.

Canto custa?

Módulo —————> 500 € (+IVA)

Curso total —————> 1.500 € (+IVA)

Pomos todo o material que precisamos para o desenvolvemento do curso.

Ten límite de prazas?


Para optimizar o aproveitamento do curso, o límite de prazas está en 20 persoas. O mínimo está en 5.

Como podo contratalo?

Contactando con nós:
comunicacion@rexenerando.com
698 157 414.

Quen son as persoas docentes?

Andrea Rico Adegá

A stylized graphic of a person's head and shoulders. The head is yellow with a blue silhouette of a person's head and shoulders. The face is yellow with blue eyes, a nose, and a smiling mouth. The background is white.

Pedagoga, educadora social e facilitadora de grupos. A súa actividade profesional está centrada no desenvolvemento organizacional e o acompañamento dos grupos para sacar o seu maior potencial. Ten grandes dotes comunicativas e un gran dominio das tecnoloxías sociais aplicadas aos grupos. Formada en Facilitación e Xestión de grupos (con título do IFACE — Instituto de Facilitación e Cambio), actualmente no grao superior do IFACE e formándose en Traballo de procesos con Ana Rhodes.

Quen son as persoas docentes?



Olalla López Barro

Licenciada en Ciencias Políticas. A súa carreira profesional está centrada no traballo para e con as persoas e coas comunidades. Leva dez anos dedicada ao desenvolvemento grupal e na docencia, formada tamén en Facilitación e Xestión de grupos e agora centrada na formación de estruturas grupais e organizacionais.

rexenerando.com

-

2017